



Anuncios: os anuncios deste concurso público serán por conta do adxudicatario do contrato.

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2004.

P.D. (Decreto 45/2002, do 8 de febreiro)
Moisés Hermida Sanromán
Director xeral da División de Recursos Económicos

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio (PES-3/2003).

O Pleno do Concello, en sesión realizada o día 5 de xullo de 2004, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro.-Desestimar a alegación formulada por José Luis Galán Fernández.

Segundo.-Aprobar definitivamente o documento refundido do Plan especial de reforma interior da ordenanza de transformación nº 7-D4.01 Estrada dos Fortes, promovido por *Construcciones Fontenla, S.A.*

Terceiro.-Requirir a *Construcciones Fontenla, S.A.* a presentación, no prazo máximo de dez días, dun segundo documento refundido nos termos recollidos no punto cuarto do informe proposta «Informes requeridos», así como do aval referenciado no citado punto cuarto do informe proposta.

Este acordo pon fin á vía administrativa, podendo interpor contra este, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte a aquel no que se practicou a notificación ou, se é o caso, a publicación; todo iso de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en relación co artigo 46 da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa, do 13 de xullo de 1998, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.

O Pleno municipal, en sesión realizada o 5 de outubro de 2004, toma coñecemento da presentación do segundo documento refundido do Plan especial de reforma interior da ordenanza de transformación nº 7-D4.01 Estrada dos Fortes, no que se introduciron as modificacións sinaladas no acordo plenario do 5 de xullo de 2004.

O que se publica para xeral coñecemento.

A Coruña, 2 de novembro de 2004.

Francisco Javier Losada de Azpiazu
Concelleiro delegado de Urbanismo

CONCELLO DA ESTRADA

Anuncio.

Entidade adxudicadora: Concello da Estrada. Dependencia de tramitación: Secretaría. Número de expediente: 18/2004. Obxecto do contrato: servizo de gardería infantil na Escola Municipal Infantil de Catro Unidades. Duración do contrato: 2 anos naturais, prorrogables por mutuo acordo por outros dous. Tramitación: ordinaria. Procedemento: aberto. Forma: concurso. Orzamento base de licitación: 260,166 euros. O pagamento efectuarase mensualmente, dividindo o prezo da adxudicación por 24. Garantía provisoria: 5.203,32 euros. Documentación: solicitánda ao Departamento de Contratación (pza. da Constitución, nº 1, A Estrada, tfno.: 986 57 01 65, ext. 320, fax 986 57 02 33). Data límite para solicitar documentación ata o día anterior ao derradeiro de presentación de plicas. Presentación de ofertas: 15 días naturais seguintes á publicación do último anuncio de licitación no BOP ou no DOG Lugar de presentación: Rexistro Municipal de Entrada. Documentación: a exixida no prego. Clasificación: grupo U, subgrupo 5, categoría A. Aertura de ofertas: ao terceiro día seguinte hábil do último sinalado para a presentación, agás sábados. Hora: 10.00 h. Obriga de manter a oferta: dous meses. Consulta de pregos: www.aestrada.com/contratacion.html. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

A Estrada, 30 de novembro de 2004.

José A. Maceira Besteiro
Alcalde en funcións

CONCELLO DE LALÍN

Anuncio.

O Concello de Lalín asinou os seguintes convenios urbanísticos:

1. Convenio urbanístico asinado o día 8 de outubro de 2004, co Instituto Galego da Vivenda e Solo, polo que se monetariza a obriga de cesión gratuita de terreos no Plan parcial de ampliación do polígono Lalín 2000 (3ª fase).

2. Convenio expropiatorio e urbanístico asinado, o día 20 de setembro de 2003, con Álvaro Moure Goyanes, en representación da comunidade hereditaria de Amancio Moure Campos, relativo á obtención de terreos necesarios para a execución do sistema xeral viario SG-V3 (tramo 2) de Lalín.

De conformidade co disposto no artigo 237 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sométese á información pública, polo prazo de vinte días, que comezará a contar desde a publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. Neste prazo,